

**Expediente núm.:** 2021/C004/000001  
**Informe dos Servizos Técnicos**  
**Procedemento:** Insuficiencia de medios.  
**Asunto:** Contratación servizo elaboración RPT.

## INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Vista a proposta do Servizo sobre a necesidade consistente na asistencia para a elaboración dunha Relación de Postos de Traballo (RPT) no Consorcio As Mariñas , emito o seguinte,

### INFORME

**PRIMEIRO.** Insuficiencia de medios persoais:

Na plantilla do Consorcio, non consta a praza correspondente de persoal para atender as funcións que require o servizo. Trátanse de funcións específicas e concretas non habituais que só se poden prestar por unha empresa de servizos.

**SEGUNDO.** Insuficiencia de medios materiais:

Non se dispón dos medios materiais necesarios nin do soporte técnico e tecnolóxico axeitado para a prestación do servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas.

**TERCEIRO.** O beneficio de externalizar a prestación do servizo é que se require de persoal que realice a elaboración da relación de postos de traballo mediante un procedemento no que:

- a) Se describan os postos de traballo
- b) Se valoren os postos.

**CUARTO.** Que por parte do órgano de contratación emítase resolución acreditando a insuficiencia de medios e/ou a conveniencia de non amplialos e procédase á celebración dun contrato de servizos.

**QUINTO.** Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En Bergondo na data sinalada na data de sinatura dixital que consta neste documento.

Miguel Angel Sandar Picado  
Xerente